

As representantes da ANPA no consello escolar informan dos asuntos tratados no consello escolar ordinario desenvolvido o día 23/4/2024, no que se trataron os seguintes temas:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: queda aprobada por unanimidade.

2.- Información xeral. O director en funcións, David López Paz, expón ante o Consello o problema que se está a dar coa matrícula para o curso próximo. Concretamente, no segundo ciclo de infantil para o ano que ven serían catorce nenos unha vez agrupados en base ao acordo de 10 de xullo de 2009 entre a Consellería e os sindicatos. Segundo este acordo, por existir nesa agrupación nenos de 3 anos, só poderán ser admitidos dous (para respectar o tope de 12, recollido no acordo), quedando outros dous fóra do procedemento de matrícula ordinaria, obrigando ao centro a baremalos, e quedando as familias pendentes durante meses, sen ter garantías de ser admitidos e expoñéndose incluso a ter que matricular os seus nenos noutra escola doutro concello. Esta situación está a xerar unha gran preocupación, xa que o CEIP Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro leva anos vendo baixar a matrícula, e se o ano que ven danse problemas para abrir novas aulas, como requiriría a situación actual, poderíase dar o caso de que as familias se viran obrigadas a matricular ós nenos directamente noutras escolas, o que suporía nun futuro non lonxano o fin do Colexio.

3.- Aprobación, se procede, da xustificación de contas do comedor escolar do segundo trimestre: O director expón aos membros do Consello as contas de comedor do segundo trimestre, que quedan aprobadas por unanimidade.

4.- Rogos e preguntas:

A representante da ANPA pregunta polas actividades de fin de curso, ao que se lle responde que se fará a visita de CORAX Fauna, o xoves 20 de xuño. Ademais quere saber se se podería organizar unha festa de fin de curso, ao que o director contesta que non habería ningún problema. Por outra banda, expón a posibilidade de realizar no colexio e fóra do horario lectivo os talleres que se están a facer na biblioteca municipal, de ser necesario. Para isto habería que facer unha votación e faría falta a aprobación no Consello Escolar.

O Director informa e agradece as reparacións levadas a cabo por persoal do Concello.

Para rematar, a representante da ANPA explica que se vai ampliar a horta escolar, grazas á axuda do Concello, e que polo Día do Libro e o Día das Letras Galegas, farase, como nos últimos anos, o troco de libros e o concurso relacionado.

Abril, 2024